



GUÍA FAMILIAS PROTOCOLO COVID 19

CURSO 2020-21

Durante esta difícil etapa na que nos atopamos, solicitamos a colaboración das familias, para facilitar o traballo do centro escolar ao que van asistir os/as vosas/as fillos/as. Resaltar que somos docentes e non profesionais sanitarios, polo que só podemos poñer á súa disposición os medios dos que dispoñemos para que os vosos/as fillos/as teñan o entorno escolar máis seguro posible e seguir o protocolo da Xunta dentro das nosas posibilidades humanas.

É recomendable que leades estas instrucións con atención e as gardedes nun lugar visible, porque rexerán mentres dure a pandemia e as autoridades sanitarias nolo indiquen.

A páxina web do centro será un dos vehículos oficiais de información e é recomendable que esteades pendentes das novidades que vaiamos incluíndo nela. Esta información estará complementada coa difusión da información en Facebook e nos blogs de aula.

Ademais, recibiredes avisos importantes e comunicacións a través de **ABALARMÓBIL**, polo que é conveniente que o teñan instalado **TODAS AS FAMILIAS o día 11 de setembro**. Existen vídeos titoriais na páxina da Xunta de Galicia que poden servir de guía: <https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais/app-de-comunicaci%C3%B3n-abalarMobil-para-familias>

Na páxina web poderedes atopar **o protocolo e os plans** que realizamos para o centro e que estarán colgados antes do inicio das clases.

A Dirección e o persoal do centro estarán á vosa disposición, durante todo o curso escolar en horario lectivo, para resolver ou aclarar as vosas dúbidas, a través dos teléfonos do centro e o correo electrónico:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "COUCEIRO FREIJOMIL"

Código de centro: 15013503

Avda. do peirao s/n 15600 Pontedeume

Tfno: 881930480 - Fax: 881930483

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcouceirofreijomil>

ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

TELÉFONO DO CENTRO: 881930480

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

O **Equipo directivo** está formado por:

Directora: Ilenia Pérez López

Xefe de estudos: Roberto Díaz Ameneiros

Secretaria: Lorena Cortés Maceiras

Ademais, haberá un **Equipo Covid** co que teredes que contactar para calquera incidencia coa Covid e que estará formado por:

Ilenia Pérez López (Coordinadora COVID)

Roberto Díaz Ameneiros (suplente da coordinadora COVID)

Lydia Seijo Martínez

Lidia Núñez Núñez

Todo o noso profesorado, seguirá ampliando a súa formación en hixiene, na aula virtual, videoconferencias, etc. Ademais, durante as dúas primeiras semanas do curso, estamos programando unhas sesións para que o alumnado coñeza as normas de hixiene e o funcionamento da aula virtual e outras plataformas.



O uso de máscara será obrigatorio para todo o profesorado, persoal non docente e alumnado de EP. O alumnado deberá utilizar **máscaras cirúrxicas ou hixiénicas**. Pola saúde de todos e todas é altamente recomendable que as máscaras ou os seus filtros estean homologados ou sigan a normativa correspondente. Deberán traer unha posta da casa e outra para cambiar logo de tomar a parva. A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade. Deberán traer outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá. A imposibilidade de uso de máscara deberá ser acreditada polo/a pediatra ou facultativo da persoa obrigada.

O uso de máscara para o alumnado de EI é altamente recomendable. Pola saúde de todas e todos animamos ao seu uso, sendo nese caso, necesario traer unha máscara de recambio. A máscara de recambio deberá vir gardada de xeito independente nun sobre de papel ou recipiente que cumpra as recomendacións do Ministerio de Sanidade, así como outro recipiente ou sobre como o anterior, para gardar a máscara se fose preciso nalgún outro momento da mañá.

Durante este curso **as familias non poderán entrar no recinto nin permanecer nel**, salvo as familias de EI que poderán entrar no recinto. Na realización de **reunións de titorías** utilizarase, sempre que sexa posible, como recurso á reunión non presencial mediante videochamada ou teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial, adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e o emprego de máscara xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.



1. ANTES DA CHEGADA AO CENTRO:

Para a detección precoz da enfermidade no alumnado, deberedes realizar, antes da chegada ao centro, unha **autoavaliación dos síntomas (Anexo 1)** a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Se contestades afirmativo a algunha das preguntas deste test deberedes, inmediatamente, chamar ao voso **centro de saúde de referencia** e avisar a un dos membros do **equipo COVID** do centro escolar chamando ao número de teléfono **698959151**. **Este teléfono será de uso exclusivo para este tipo de información. Neste caso, o alumnado non acudirá ao centro.**

Este teléfono tamén será a canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para as comunicacións das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias.

Para a xustificación da ausencia por esta casuística, non será necesario ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.

Ante a **detección de síntomas compatibles** con infección por SARS-CoV-2 nun alumno/a, **durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo**, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Se o/a pediatra ou o seu facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test de diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.



Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables. **Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.**

ANEXO 1

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<i>Presentou nas últimas 2 semanas?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		



Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

2. CHEGADAS AO CENTRO:

ALUMNADO DE EP

Cando o alumnado chegue ao centro, entrará directamente ao centro (poderá facelo desde as 8.30h ata as 8.45h da mañá), subirá directamente á súa aula, botando xel hidroalcohólico que hai na entrada. O alumnado de 1º, 2º e 3º de EP entrará pola porta principal e subirá ás aulas polas escaleiras de conserxería. O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP accederá ao centro pola porta do lado do pavillón e subirá ás aulas polas escaleiras dese lado, botando xel hidroalcohólico que hai na entrada.

ALUMNADO TRANSPORTADO:

Por mor das obras no peirao, o transporte escolar parará provisionalmente na Avenida de Ferrol. Haberá profesorado de garda que velará para que o alumnado baixe ordenadamente e respectando a distancia de seguridade. Este alumnado terá prioridade á hora de entrar ao centro. O alumnado de EI e de 1º, 2º e 3º EP baixa pola rúa da Galera para entrar pola porta que dá acceso a esta rúa. O alumnado de infantil



accederá pola porta que dá acceso ao seu corredor desde este acceso. O alumnado de 1º, 2º e 3º EP empregará a pasarela para acceder directamente ao corredor da primeira planta. O alumnado de 4º, 5º e 6º de EP accederá ao centro polas escaleiras do pavillón, cruzando a pista de arriba. Logo baixarán pola escaleiras que unen coa pista inferior e entrarán por conserxería. Cruzarán a planta baixa polo corredor principal e accederán ás súas aulas polas escaleiras da biblioteca. Nos accesos ao centro terá prioridade o alumnado transportado.

ALUMNADO DE EI:

A partir das 8.45 o alumnado poderá entrar no recinto acompañado dunha persoa, preferiblemente que no sexa de risco, directamente á súa aula seguindo o circuíto destinada a EI.

Ás 8.45h empezará a entrar o alumnado de 6º de EI, ás 8:50h o de 5º EI e, ás 8.55h, o alumnado de 4º EI. Non entrará o seguinte nivel ata que o anterior non rematara. En caso de non poder entrar co seu grupo por falta de puntualidade, deberedes agardar a que rematen de entrar o resto dos cursos.

ALUMNADO DE MADRUGADORES/AS:

O Servizo de "Madrugadoras/Madrugadores", organizado polo concello de Pontedeume, dará comezo ás 7:15 h. ata ás 8:45 h., despois o profesorado do centro farase responsable das e dos participantes. Entre 7:30 h. e 8:00 h. as nenas e nenos participantes no programa poderán incorporarse de forma continuada, non podendo participar neste servizo fóra deste horario. A entrada a este servizo farase a través da



porta da cociña. Durante o servizo respectarase os grupos estables de convivencia. Ao finalizar o servizo o persoal responsable comprobará que o alumando de EP sube para as súas aulas polos circuitos xa indicados e acompañará ao alumando de EI ás súas aulas. Respectarase a distancia de seguridade entre os grupos de convivencia estable.

3.SAÍDAS DO CENTRO:

O alumnado de **EDUCACIÓN INFANTIL** sairá escalonadamente pola porta de EI no seguintes horarios por **orde de lista**. O primeiro día de clase comunicarase ás familias o número correspondente ao seu fillo/a a través da axenda escolar que se entregará o primeiro día.

CURSO	HORA DE SAÍDA
4º IA	13:05h
4ºIB	13:10h
5ºIA	13:15h
5º IB	13:20h
6º IA	13:25h
6ºIB	13:30h

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

A persoa que acuda a recoller ao neno/a deberá ubicarse no número de lista correspondente ao neno/a que estará pintado no chan. Cando recolla ao neno/a abandonará o recinto seguindo o camiño sinalado por frechas. É obrigatorio o uso de máscara por toda a comunidade educativa dentro do recinto escolar.

O alumnado de **EDUCACIÓN PRIMARIA** sairá escalonadamente nos seguintes horarios pola porta pola que entrou:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "COUCEIRO FREIJOMIL"

Código de centro: 15013503

Avda. do peirao s/n 15600 Pontedeume

Tfno: 881930480 - Fax: 881930483

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcouceirofreijomil>

ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

CURSO	HORA	PORTA DE SAÍDA
1ºA	13:35h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
1º B	13:35h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
2ºA	13:40h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
2ºB	13:40h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
3ºA	13:45h	Porta principal (lateral dereito mirando ao mar)
3ºB	13:45h	Porta principal (lateral esquerdo mirando ao mar)
4ºA	13:35h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
4º B	13.35h	Portal do pavillón (lateral esquerdo mirando ao mar)
5ºA	13:40h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
5ºB	13:40h	Portal do pavillón



		(lateral esquerdo mirando ao mar)
6ºA	13:45h	Portal do pavillón (lateral dereito mirando ao mar)
6ºB	13:45h	Portal do pavillón (lateral esquerdo mirando ao mar)

Non sairá ningún grupo ata que acabe de saír o grupo anterior. Antes de saír todo o alumnado debe limpar as mans con hidroxel.

ALUMNADO TRANSPORTADO:

O alumnado de El usuario de transporte será acompañado ás 13.40h pola súa titora á zona de filas de transporte ubicada no patio de EP. Cada neno/a colocarse na liña de transporte correspondente onde estarán esperando os/as acompañantes deste servizo. Cada posto de espera estará sinalado cun punto, separados uns dos outros a un 1,5m.

Ás 13.45h o profesorado con garda de transporte axudará na vixilancia.

O alumnado de EP incorporarse ás filas do transporte cando o seu grupo de convivencia estable saia, correspondéndolle ao profesorado que teña clase con ese grupo a última hora supervisar esta acción. O alumnado de EI, 1º, 2º e 3º EP accederá ao transporte escolar a través da rúa da Galera. O alumnado de 4º, 5º e 6º EP accederá ao transporte escolar a través da escaleiras do pavillón.

C.E.I.P. "COUCEIRO FREIJOMIL"

Código de centro: 15013503

Avda. do peirao s/n 15600 Pontedeume

Tfno: 881930480 -



A creación de grupos de convivencia estable, obriga a **adaptar horarios de recreo**, de parvas, de horas de ler... (podedes ver estes tempos na adaptación do protocolo ao noso colexio).

Diariamente, o profesorado explicará ao alumnado as medidas especiais nas diferentes materias, espazos e momentos. En todos os espazos do centro disporase de xel hidrálcolico, panos desbotables e papeleiras de pedal.

Non está permitido traer xoguetes, pelotas nin obxectos persoais que non sexan solicitados.

Se a situación epidemiolóxica nolo permite, realizaremos saídas á contorna, sempre coas medidas correspondentes. Contemplarase a posibilidade de visitas ou encontros virtuais.

As familias deberán facer **un traballo de concienciación** cos/as seus /súas fillos/as acerca desas medidas para facilitar o traballo de todo o persoal do centro durante este curso escolar.

6. NO CASO QUE TEÑAMOS UN NOVO CONFINAMENTO OU SUSPENSIÓN DE CLASES POR CASOS NO CENTRO:

Nas primeiras semanas de curso, e como tarde a finais do mes de setembro, rexistraremos e formaremos ao alumnado (en función do nivel educativo) para traballar coa **Aula Virtual**.

Tamén realizaremos un rexistro de todas as persoas que non teñen internet ou ordenador na casa. No caso dun novo confinamento, comunicáramosnos convosco para atopar unha solución.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "COUCEIRO FREIJOMIL"

Código de centro: 15013503

Avda. do peirao s/n 15600 Pontedeume

Tfno: 881930480 - Fax: 881930483

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcouceirofreijomil>

ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

7. TRÁMITES NO CENTRO:

Os trámites administrativos realizaranse, con carácter xeral, a través do email.

PARA CALQUERA DÚBIDA OU ACLARACIÓN PODEDES ENVIAR UN CORREO ELECTRÓNICO

A: ceip.couceiro.freijomil@edu.xunta.es

TODO VAI SAÍR BEN. XUNTAS E XUNTOS CONSEGUIRÉMOLO!!!